

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E AUDIOVISUAL ESPAÑOLA, 2.000 S.A. PARA A DIFUSIÓN DE CONTIDOS QUE POTENCIEN O TURISMO DE GALICIA E O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA DIXITAL DE CONTIDOS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### **DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con AUDIOVISUAL ESPAÑOLA, 2.000 S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a AUDIOVISUAL ESPAÑOLA, 2.000 S.A. para informar e difundir nos medios do seu grupo contidos vinculados a Galicia, incluíndo ao Camiño de Santiago, que promocionen Galicia como un destino turístico atractivo, de calidade e seguro, a través dun espazo dixital no que se publique periodicamente noticias e información de utilidade para os turistas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño



de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

**Segundo.-** Ao abeiro de Audiovisual Española, 2.000 S.A. comercialízase La Razón, un xornal de información xeneralista con implantación e difusión nacional. Alén da súa edición física de periodicidade diaria, conta cunha edición dixital.

**Terceiro.-** As dúas partes entenden que é importante fomentar, promover e divulgar actividades e información específica relacionada coa proxección dos valores culturais, patrimoniais, históricos e experienciais que representa Galicia, incluíndo no referente ao Camiño de Santiago, de xeito que os turistas perciban que visitar Galicia é un plan vacacional atractivo, de calidade e seguro nun momento de incertidume para todo o sector turístico galego e para toda a infraestrutura vencellada coa ruta Xacobeá.

De tal xeito son obxectivos deste convenio de colaboración contribuír á divulgación de contidos vinculados a Galicia, incluíndo ao Camiño de Santiago, difundir os seus valores culturais, patrimoniais, históricos e experienciais, dar a coñecer as iniciativas que desenvolve o sector turístico galego para o correcto desenvolvemento da súa actividade e promocionar Galicia como un destino turístico atractivo, de calidade e seguro.

**Cuarto.-** A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, no contexto do Ano Santo Xacobeo 21-22, proxectar unha imaxe atractiva e segura da nosa comunidade como destino turístico a través das empresas líderes xornalísticas de implantación nacional. Neste sentido, Audiovisual Española, 2.000 S.A. permite a transmisión destas mensaxes mediante soportes que xa contan cunha audiencia definida e un número de seguidores estable.

**Quinto.-** As dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar mediante unha campaña de difusión e información a través dos medios de comunicación no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é a dar a coñecer aos galegos así como de todos os foráneos que se acheguen a nosa comunidade, as medidas hixiénico- sanitarias e



pautas de actuación que debemos seguir nas diferentes situacións da vida cotiá e en cada fase de desescalada cara a normalidade e reforcen a idea de Galicia como destino turístico.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio con Audiovisual Española, 2.000 S.A. dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

